Kidstoride
Coche compartido entre veciños

Como apuntarte, paso a paso

Guía para quen non está afeito ao móbil. Tómao con calma: faise unha soa vez e lévache uns 10 minutos.

Antes de comezar, ten á man:

- O teu móbil, con internet
- A túa tarxeta do banco, se vas reservar prazas
- O teu correo electrónico (e saber abrilo)
- O teu DNI, se vas levar veciños no teu coche (e o teu IBAN, só para cobrar)

1 Descarga a app

Abre a **cámara** do móbil e apunta ao código QR de abaixo. Preme a ligazón que aparece e despois **Instalar**. Tamén podes buscar **Kidstoride** en Play Store (Android) ou App Store (iPhone).

2 Crea a túa conta

Abre a app e preme **Crear conta**. Escribe o teu nome, apelidos, correo, teléfono e un contrasinal (mínimo 8 letras, con **unha maiúscula** e **un número**, por exemplo: Aldea2026). Marca as dúas caixas e preme **Continuar →**.

3 Activa a túa conta desde o correo

Abre o teu correo: chégache unha mensaxe de Kidstoride. Preme a ligazón para activar a conta. Volve á app e preme **Xa verifiquei o meu correo**. Se non a atopas, mira en **Correo non desexado** ou preme **Reenviar correo de verificación**.

4 Responde tres preguntas

Preme **Comezar**. Escolle **España**. En «Quen vai viaxar?» escolle **Eu ou outros adultos**. Escribe o nome da túa vila ou aldea. Se tes coche, marca **Estou dispoñible como condutor**. Ao final preme **Comezar a usar Kidstoride**.

Apunta aquí os teus datos e garda esta folla na casa

Correo: _____

Contrasinal: _____

Escanea coa cámara do móbil
kidstoride.app

Kidstoride
Coche compartido entre veciños

Xa tes conta. E agora?

💳 Pon a túa tarxeta (todos)

Necesítala para reservar prazas e, se conduces, para pagar a verificación de identidade.

1. Preme **Perfil** na barra de abaixo (á dereita).
2. Toca o recadro 💳 **Método de pagamento** e preme **+ Engadir tarxeta**.
3. Escribe o nome como aparece na tarxeta, o número, a data de caducidade e os 3 números de atrás (CVC). Preme **Gardar tarxeta**.
4. A túa tarxeta gárdaa a empresa de pagamentos Stripe: Kidstoride non ve os seus números.

🧓 Se NON tes coche: reservar unha praza

1. Preme **Viaxes** na barra de abaixo. Verás as viaxes que publican os teus veciños: día, hora e a onde van.
2. Toca a viaxe que che vai ben e preme **Reservar praza**.
3. Ábrese «Confirmar reserva» co prezo. Revísao e volve premer **Reservar praza**. Cóbrase na túa tarxeta: non pagas nada en man.
4. Chegarache un aviso co **punto de recollida** e a hora. Se o condutor aproba cada reserva, avisarate cando a acepte.

📞 Quedaches atrancado? Axudámoste

- Escríbenos ou chámanos por **WhatsApp ao 641 950 355** (Jorge). Acompañámoste paso a paso, sen présa.
- Un fillo, unha neta ou un veciño pode facelo contigo con esta folla diante.
- Pregunta no **concello**: tamén teñen esta guía.

Kidstoride
Coche compartido entre veciños

Se tes coche e queres levar veciños

Os pasos 1 e 3 fanse unha soa vez. Antes, pon a túa tarxeta (páxina anterior).

🪪 1. Verifica a túa identidade

1. Preme **Perfil** e toca o recadro 🔐 **Verificación de identidade**. (A app tamén cho pide ao publicar a túa primeira viaxe, co botón **Verificar identidade →**.)
2. Preme **Continuar**. Se che dá a escoller, preme **Pagar 1,25€**. Só se cobra se a verificación sae ben.
3. Ábrese unha páxina de Stripe. Ten á man o teu **DNI** (ou carné de conducir, ou pasaporte): fai unha foto por diante e outra por detrás, e despois un **selfie** (unha foto da túa cara nese momento).
4. Ao rematar preme **Volver á app**. Nuns minutos chégache a confirmación.

🚙 2. Publica a túa viaxe

1. Preme **Viaxes** e despois o botón redondo **+**.
2. Escolle de onde saes, a onde vas, o día, a hora e cantas prazas libres levas. O prezo calcúlao a app (só o reparto da gasolina).
3. Preme **Publicar viaxe**. Cando alguén reserve, chégache un aviso co seu nome e o punto de recollida.

🏦 3. Para cobrar, pon a túa conta do banco

1. Non fai falta para publicar. Cando teñas reservas, en **Perfil**, toca o recadro **Conta bancaria (Stripe)** e preme **Conectar conta bancaria**.
2. Stripe pedirache algúns datos teus e o teu **IBAN** (o número da túa conta, comeza por ES). Ao rematar, volve á app.
3. A app ingrésache o que pagan os teus veciños **unha vez ao mes**. Non cobras nada en man.

🛡️ Tranquilidade

Os condutores identifícanse co seu DNI. Antes de subir ves o nome, o coche e a matrícula, e a túa familia pode seguir o traxecto no mapa. O pagamento vai por Stripe: a app non garda a túa tarxeta.